

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

- 5086** *Real decreto 161/2019, do 22 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 550/2014, do 27 de xuño, polo que se desenvolven os requisitos e o procedemento para o recoñecemento das entidades asociativas prioritarias e para a súa inscrición e baixa no Rexistro Nacional de Entidades Asociativas Prioritarias, previsto na Lei 13/2013, do 2 de agosto, de fomento da integración de cooperativas e doutras entidades asociativas de carácter agroalimentario.*

O fomento da integración de entidades asociativas agroalimentarias constitúe unha das principais ferramentas para favorecer a competitividade, modernización e internacionalización do sector agroalimentario español. En efecto, o fortalecemento das estruturas asociativas e o incremento da súa dimensión facilitarán o desenvolvemento da innovación e a incorporación de novas tecnoloxías, aumentarán a súa produtividade e eficiencia e mellorarán a súa capacidade de competir máis eficazmente, tanto no mercado nacional como nos mercados internacionais. Desta forma poderase facer fronte aos retos dunha economía global nas mellores condicións en canto a capacidade de negociación.

Para tales efectos, a Lei 13/2013, do 2 de agosto, de fomento da integración de cooperativas e doutras entidades asociativas de carácter agroalimentario, recolle un instrumento básico para contribuír a mellorar a estruturación da oferta e a favorecer a integración mediante o redimensionamento das entidades asociativas: a figura de entidade asociativa prioritaria (EAP).

A citada Lei 13/2013, do 2 de agosto, nos seus artigos 1, 3, 5 e na súa disposición adicional única, define a figura de entidade asociativa prioritaria; establece os requisitos e condicións para o seu recoñecemento mediante o correspondente procedemento regulamentario; crea o Rexistro Nacional de Entidades Asociativas Prioritarias, adscrito á Dirección Xeral da Industria Alimentaria do actual Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, e inclúe, como ferramenta fundamental para o cumprimento dos obxectivos da lei, o Plan nacional de integración asociativa.

Posteriormente, mediante o Real decreto 550/2014, do 27 de xuño, desenvóléronse os requisitos e o procedemento para o recoñecemento das entidades asociativas prioritarias e para a súa inscrición e baixa no Rexistro Nacional de Entidades Asociativas Prioritarias, previsto na Lei 13/2013, do 2 de agosto, de fomento da integración de cooperativas e doutras entidades asociativas de carácter agroalimentario.

As EAP reguladas na lei teñen compoñente territorial supraautonómico, tanto pola localización dos socios que as integran como polo desenvolvemento da súa actividade económica no territorio de máis dunha única comunidade autónoma.

Pola súa parte, a Sentenza do Tribunal Constitucional 85/2015, do 30 de abril, recaída no recurso de inconstitucionalidade interposto pola Generalitat de Cataluña contra a Lei 13/2013, do 2 de agosto, cuestionaba a insuficiente xustificación da asunción de funcións executivas por parte da Administración xeral do Estado con base na supraterritorialidade, así como a exclusión das comunidades autónomas, en relación co procedemento de recoñecemento das EAP. Desta forma, declarou nulo o seu artigo 3.2, así como as mencións «polo Ministerio» do artigo 5.3 e «ao Ministerio» do artigo 5.4 da lei, en canto que os consideraba contrarios á orde constitucional e, por conseguinte, inconstitucionais.

A Lei 25/2015, do 28 de xullo, de mecanismo de segunda oportunidade, redución da carga financeira e outras medidas de orde social, incorporou na súa disposición derradeira décima unha modificación da Lei 13/2013, do 2 de agosto, para efectos de adecuar o texto desta lei ao contido da referida sentenza do Tribunal Constitucional, facilitando a participación, mediante a súa consulta, das comunidades autónomas afectadas territorialmente no procedemento de recoñecemento realizado polo Ministerio de

Agricultura, Pesca e Alimentación, quedando, pola súa vez, informadas sobre as modificacións das condicións de recoñecemento e simplificando o Rexistro Nacional de Entidades Asociativas Prioritarias.

En consecuencia, aprobouse o Real decreto 1151/2015, do 18 de decembro, modificando os artigos 3, 5, 7 e 8 do Real decreto 550/2014, do 27 de xuño, adaptándoo á nova normativa que modifica a Lei 13/2013, do 2 de agosto, anteriormente referida. As modificacións introducidas por este real decreto supoñen unha serie de melloras técnicas, así como unha maior claridade e seguridade xurídica dos interesados, garantindo a participación das comunidades autónomas afectadas territorialmente na fase de recoñecemento das EAP.

Por último, mediante a Orde APM/1259/2017, do 20 de decembro, modificouse o anexo I do Real decreto 550/2014, do 27 de xuño, co fin de adecuar determinados volumes de facturación requiridos para o recoñecemento á realidade do sector.

Polo tanto, a partir das modificacións anteriores e en virtude da experiencia adquirida no funcionamento e aplicación da normativa de recoñecemento e rexistro das entidades asociativas prioritarias durante estes primeiros anos de aplicación, e co obxecto de mellorar o procedemento e xestión, procede a seguinte modificación, tanto no texto do articulado como no anexo II do Real decreto 550/2014, do 27 de xuño, para efectos de lograr unha maior eficacia na consecución dos obxectivos previstos no Plan estatal de integración asociativa 2015-2020 e nos propios fins da Lei 13/2013, do 2 de agosto.

En particular, sobre este marco regulatorio realízase agora unha serie de modificacións de marcado carácter técnico, as cales se articulan sobre dous obxectivos principais: por unha parte, mellorar a eficacia da figura de EAP como mecanismo para cumprir os fins da política agroalimentaria que ten encomendados, adecuando os requisitos de acceso ás necesidades detectadas no sector agroalimentario para asegurar a súa expansión e proxección plena no sector, e por outra, mellorar a xestión das EAP e a súa eficiencia en termos de mercado e competitividade.

En primeiro lugar, precísanse as condicións aplicables para o recoñecemento en relación coa actividade integrada, tanto para as cooperativas agroalimentarias (o volume de operacións con socios ou entidades participantes no recoñecemento deberá superar o 50%), como para as entidades civís ou mercantís (os socios participantes no recoñecemento deberán superar o 50% do capital social), medidas coas cales se asegura unha correcta imbricación dos participantes na EAP no marco asociativo en que desenvolva as súas actividades empresariais.

En segundo lugar, concrépanse os requisitos e previsións xerais, xa contidos na redacción en vigor, para as entidades de subministracións e servizos, en relación con determinados aspectos técnicos e puntuais na norma para aclarar o seu réxime xurídico, tales como a documentación para solicitar o seu recoñecemento como EAP ou os requisitos necesarios.

En terceiro lugar, prevense novas condicións para acreditar o requisito de supraautonomía, establecéndose dúas alternativas para xustificar a existencia de socios e operacións en termos económicos en distintas comunidades autónomas de forma simultánea. En liña co anterior, introdúcese unha precisión na redacción e substitúese o termo *actividade económica* por *volume de operacións en termos económicos*, co fin de evitar imprecisións xurídicas. Esta modificación pretende facilitar o acceso dun maior número de entidades ao recoñecemento da figura que regula este real decreto, de modo que se expanda a efectividade da dita figura en termos de tamaño, actividade e vocación supraautonómica das entidades, contribuíndo ao reequilibrio da cadea agroalimentaria.

En cuarto lugar, concrépanse, eliminando a relativa indefinición do actual texto e proporcionando unha maior seguridade xurídica, as circunstancias excepcionais que poderían eximir, se for o caso, da obriga de comercialización conxunta da totalidade do produto para o cal se solicita o recoñecemento -tales como motivos climatolóxicos, de sanidade animal ou vexetal, capacidade das instalacións ou condicións de entrega- que permitan a efectiva aplicación do principio de comercialización conxunta, elemento esencial das cooperativas e das entidades asociativas de carácter agroalimentario para

efectos do seu fomento conforme o disposto na Lei 13/2013, pero sen descoñecer a realidade fáctica á cal fan fronte as actividades do sector primario, suxeitas en todo momento a circunstancias imprevisibles ou sobrevidas.

En quinto lugar, refórzase o sistema de seguimento do mantemento dos requisitos para o recoñecemento como EAP, incluíndo a obrigaición de contar, por parte da propia entidade, cun procedemento de control do cumprimento das obrigacións relativo á entrega total para a súa comercialización conxunta, así como ao abastecemento de produtos no caso das entidades de subministracións e servizos. Para isto, establécese a obrigaición de achegar, entre a documentación adxunta á solicitude de recoñecemento, un documento descritivo del, así como de dar conta dos seus resultados na comunicación anual efectuada pola entidade. A introdución deste requisito supón un elemento de reforzo da confianza no sistema, e fundaméntase no principio de subsidiariedade e nunha participación máis proactiva das EAP, asegurando o correcto funcionamento das entidades e a suxeición plena aos requisitos exixidos.

En sexto lugar, clarifícanse aquelas situacións que supoñen unha modificación do recoñecemento, diferenciándoas da comunicación da información relativa á evolución da EAP. Con todo isto garántese a correcta intelección da norma e facilítase a súa aplicación.

Por último, substitúense as referencias legislativas á Lei 30/1992 do 26 de novembro, incluídas no articulado, polas súas correspondentes na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A norma someteuse a audiencia e información públicas, así como ao trámite de participación dos sectores e comunidades autónomas afectados.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución española, polo que se atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

A regulación que se contén nesta norma axústase aos principios recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En concreto, cumpre cos principios de necesidade e eficacia, pois trátase do instrumento máis adecuado para garantir que a normativa se aplica dun modo homoxéneo en todo o territorio nacional mellorando as condicións en canto a capacidade de negociación das entidades fronte aos retos dunha economía global. Tamén se adecúa ao principio de proporcionalidade, pois non existe outra alternativa menos restritiva de dereitos ou que impoña menos obrigacións aos destinatarios xa que a regulación se limita ao mínimo imprescindible para cumprir cos seus obxectivos. En canto aos principios de seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, a dita norma adecúase a eles, pois é coherente co resto do ordenamento xurídico e procurouse a participación das partes interesadas e as comunidades autónomas, téndose substanciado o trámite de audiencia e información públicas, evitando, así mesmo, a imposición de cargas administrativas innecesarias ou accesorias.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de marzo de 2019,

#### DISPOÑO:

*Artigo único. Modificación do Real decreto 550/2014, do 27 de xuño, polo que se desenvolven os requisitos e o procedemento para o recoñecemento das entidades asociativas prioritarias e para a súa inscrición e baixa no Rexistro Nacional de Entidades Asociativas Prioritarias, previsto na Lei 13/2013, do 2 de agosto, de fomento da integración de cooperativas e doutras entidades asociativas de carácter agroalimentario.*

O Real decreto 550/2014, do 27 de xuño, polo que se desenvolven os requisitos e o procedemento para o recoñecemento das entidades asociativas prioritarias e para a súa inscrición e baixa no Rexistro Nacional de Entidades Asociativas Prioritarias, previsto na

Lei 13/2013, do 2 de agosto, de fomento da integración de cooperativas e doutras entidades asociativas de carácter agroalimentario, queda modificado como segue:

Un. O artigo 2 substitúese polo seguinte:

«Artigo 2. *Ámbito do recoñecemento.*

1. As entidades asociativas agroalimentarias susceptibles de recoñecemento como entidade asociativa prioritaria (en diante, EAP), tal como establece o artigo 1.3 da Lei 13/2013, do 2 de agosto, son as sociedades cooperativas agroalimentarias, as cooperativas de segundo grao, os grupos cooperativos, as sociedades agrarias de transformación, as organizacións de produtores con personalidade xurídica propia, recoñecidas de acordo coa normativa comunitaria no ámbito da política agraria común e as entidades civís ou mercantís, sempre que máis do 50 por cento do seu capital social pertenza a sociedades cooperativas, a organizacións de produtores ou a sociedades agrarias de transformación. No caso de que estas entidades económicas teñan a forma de sociedade anónima, as súas accións deberán ser nominativas.

Poderán solicitar e obter o recoñecemento como EAP tanto entidades xa existentes, como aquelas que pretendan constituírse, que cumplan co conxunto de requisitos para o dito recoñecemento establecidos nos números seguintes.

2. Estas entidades poderán ser recoñecidas como prioritarias para os efectos do cumprimento do requisito previsto no artigo 3.1. d) da Lei 13/2013, do 2 de agosto, nalgún dos seguintes supostos:

a) Se se solicita o recoñecemento para un produto determinado, a súa facturación anual, correspondente á produción comercializada do dito produto, deberá ser superior á contía que se sinala na letra a) do anexo I, para a facturación total da entidade para o dito produto.

Poderá solicitarse o recoñecemento para un ou varios dos produtos que se definen na letra a) do anexo I, establecidos de conformidade co Real decreto 475/2007, do 13 de abril, polo que se aproba a Clasificación nacional de actividades económicas 2009 (CNAE-2009).

No caso de entidades asociativas de carácter agroalimentario cuxas actividades cooperativizadas estean referidas a varias e distintas producións das mencionadas na letra a) do anexo I e nas cales se leve a cabo unha integración vertical na cadea de subministración, o volume mínimo exixido para o recoñecemento será o previsto na letra c) do anexo I.

b) Se se solicita un recoñecemento xenérico, a súa facturación total anual correspondente ao conxunto de produtos comercializados pola entidade deberá ser superior á contía que se sinala na letra b) do anexo I, e, así mesmo, deberase indicar a relación de produtos concretos que forman parte do dito recoñecemento xenérico.

3. Nos supostos en que a entidade solicitante sexa unha sociedade cooperativa agroalimentaria de primeiro grao, os valores de facturación referidos no número anterior reduciranse un 30%.

4. No caso de cooperativas agroalimentarias, o volume de operacións, en termos económicos, con socios, no caso de cooperativas de primeiro grao, ou entidades participantes no recoñecemento, no caso de cooperativas de segundo ou ulterior grao, deberá superar o 50 por cento do total da cooperativa. Así mesmo, no caso de entidades civís ou mercantís, os socios participantes no recoñecemento deberán superar o 50 por cento do capital social.

5. Para efectos de determinación do ámbito de actuación supra-autonómico, entenderase que existe cando se dea algunha das dúas condicións seguintes:

a) Dispón de socios e operacións, en termos económicos, en máis dunha comunidade autónoma, sen que o número de socios participantes no recoñecemento

exceda o 90 por cento no ámbito dunha concreta. No caso de sociedades de capital, a dita porcentaxe determinarase exclusivamente respecto das entidades asociativas integradas nelas.

b) O seu volume de operacións, en termos económicos, non excede o 90 por cento nunha comunidade autónoma concreta e dispón de socios participantes no recoñecemento en máis dunha comunidade autónoma.

Cando, para un produto determinado dos indicados no anexo I, a produción nacional se localice en máis dun 60 por cento nunha única comunidade autónoma, as porcentaxes previstas anteriormente serán do 95 por cento para o número de socios da letra a) e para o volume de operacións da letra b). Estas mesmas porcentaxes serán de aplicación cando a entidade desenvolva máis do 50 por cento do seu volume de operacións nunha comunidade autónoma con cinco ou máis provincias.

6. En todos os casos, os valores a que se fai referencia no número 2 deste artigo estarán referidos a calquera dos tres últimos exercicios económicos pechados, previos á solicitude.»

Dous. O artigo 3 substitúese polo seguinte:

«Artigo 3. *Solicitude de recoñecemento como EAP.*

1. A solicitude de recoñecemento como EAP deberán realizala o representante legal da propia entidade ou os seus promotores, en caso de que estea en proceso de constitución, e dirixirase ao director xeral da Industria Alimentaria do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, e formalizarase segundo o modelo que figura como anexo II deste real decreto. Conforme o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, é obrigatoria a presentación electrónica da solicitude e da documentación correspondente, dispoñible na sede electrónica do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, cuxo enderezo é <https://sede.mapama.gob.es>.

2. Deberá xuntarse a seguinte documentación:

a) Acordo de vontades da entidade ou entidades que pretendan constituírse como EAP ou, en caso de entidade xa existente, o acordo do órgano de goberno, de obter o recoñecemento como EAP, con indicación da denominación ou razón social, domicilio e o número de identificación fiscal, lugar e data de outorgamento.

b) Relación actualizada de todas as entidades que a integran, se for o caso, con identificación de todos os produtores que as compoñen, con indicación do territorio da comunidade autónoma onde desenvolven a súa actividade, así como a documentación acreditativa para a verificación do disposto no artigo 2.5 do presente real decreto, en relación cos produtos obxecto de recoñecemento.

c) Estatutos ou disposicións reguladoras da entidade solicitante e de cada unha das que a compoñen, que deberán recoller todos os aspectos que se establecen no artigo 3 da Lei 13/2013, do 2 de agosto, e, así mesmo, conter expresamente:

1.º A obrigaón da comercialización conxunta da totalidade do produto ou produtos para os cales se solicita recoñecemento, todo isto sen prexuízo das excepcións ou limitacións previstas nas normas europeas ou de rango legal, circunstancias climatolóxicas ou de mercado excepcionais, razóns de sanidade vexetal e/ou animal, por capacidade das instalacións, normas de campaña ou condicións de entrega aplicables, de ser o caso.

2.º Previsións para o control democrático no seu funcionamento, na toma das súas decisións polos asociados e garantías para evitar as posicións de dominio, coidando igualmente de respectar o principio de libre adhesión voluntaria e aberta cando a entidade solicitante sexa unha cooperativa agroalimentaria.

3.º Consentimento dos socios á cesión de datos referentes á actividade económica realizada no seo da entidade, relevantes para efectos do control e cumprimento do disposto na Lei 13/2013, do 2 de agosto, e neste real decreto, de conformidade co previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

d) Facturación da entidade solicitante ou a suma das entidades que se integran e os seus produtores para os produtos específicos ou xenéricos para os cales se solicita o recoñecemento como EAP, conforme o establecido no artigo 2.6.

e) No suposto de que a entidade solicitante se acolla ao período previsto na disposición transitoria única, deberase achegar a correspondente declaración ou compromiso da entidade solicitante e das que a integran, de acordo co anexo III.

f) No caso de que a entidade solicite o recoñecemento xenérico de acordo co volume mínimo previsto na letra b) do anexo I, as informacións recollidas nas letras anteriores referiranse aos produtos para os cales se pretende obter o dito recoñecemento.

g) Documento descritivo do sistema de control do cumprimento das obrigacións relativo á entrega total para a súa comercialización conxunta, e o abastecemento de produtos para as entidades de subministracións e servizos.»

Tres. O artigo 4 substitúese polo seguinte:

«Artigo 4. *Emenda.*

Cando se advirtan defectos na solicitude ou na documentación que se xunta, requirirase o interesado para que, nun prazo de 10 días, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición, logo da correspondente resolución, de conformidade co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.»

Catro. Os números 2 e 7 do artigo 5 quedan redactados como segue:

«2. A Dirección Xeral da Industria Alimentaria do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación remitirá as solicitudes de recoñecemento e inscrición aos órganos competentes das comunidades autónomas afectadas territorialmente para o seu informe no prazo dun mes, contado desde a recepción da súa petición, de conformidade co disposto no artigo 80.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, en cumprimento do deber de colaboración entre administracións públicas. Entenderase que existe afectación territorial dunha comunidade autónoma cando existan socios de base na dita comunidade. En caso de non recibir resposta no dito prazo, proseguirán as actuacións. Durante o referido período as comunidades autónomas afectadas ou a propia dirección xeral poderán propor a celebración dunha reunión coa participación de todas as comunidades autónomas interesadas para resolver calquera dúbida ou suxestión que puider formularse respecto ao recoñecemento.»

«7. Contra a dita resolución poderá interperse recurso de alzada, ante a Secretaría Xeral de Agricultura e Alimentación, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.»

Cinco. O artigo 6 substitúese polo seguinte:

«Artigo 6. *Obrigación de comunicación anual das EAP.*

1. As EAP deberán presentar anualmente a seguinte documentación:

a) Contas anuais auditadas e informe de auditoría correspondente.

b) Certificación da relación de produtores que formen parte da EAP e das entidades que a integran, así como dos socios produtores destas últimas.

c) Memoria da EAP, que ofrezca unha idea o máis completa e exacta posible da situación e evolución da entidade, e que deberá especificar os cambios producidos que non supoñan unha solicitude de modificación do recoñecemento, de acordo co recollido no artigo 8.3.

d) Informe dos resultados do sistema de control previsto no artigo 3.2.g), que deberá recoller detalladamente as accións correctoras desenvolvidas.

e) No caso das entidades acollidas ao período transitorio a que se refire a disposición transitoria única do presente real decreto, deberá certificarse a situación relativa ao avance no compromiso de entrega para a súa comercialización conxunta, conforme o modelo recollido no anexo III.

2. A documentación irá dirixida ao director xeral da Industria Alimentaria e presentarse electronicamente, a través da sede electrónica do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, cuxo enderezo é <https://sede.mapama.gob.es>, no prazo de tres meses seguintes á aprobación das contas anuais por parte da asemblea xeral ou xunta xeral. No caso de que non se producise a aprobación das ditas contas, a citada documentación anual deberá presentarse no prazo máximo dun ano, contado desde a última comunicación anual ou, na súa falta, do recoñecemento como EAP.»

Seis. O artigo 8 substitúese polo seguinte:

«Artigo 8. *Modificación das condicións e cancelación do recoñecemento.*

1. A cancelación do recoñecemento da EAP poderá ter lugar de oficio ou por instancia do interesado.

2. Os representantes das entidades asociativas prioritarias deberán comunicar á Dirección Xeral da Industria Alimentaria, no prazo dun mes desde que esta se producise, calquera información que poida motivar a perda da súa condición de prioritarias. A dita comunicación, que se presentará electronicamente, a través da sede electrónica do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, cuxo enderezo é <https://sede.mapama.gob.es>, deberá estar debidamente acompañada da documentación acreditativa.

3. Así mesmo, deberán presentar á Dirección Xeral da Industria Alimentaria unha solicitude de modificación do recoñecemento, xunto coa documentación acreditativa, cando se produza algunha das seguintes situacións:

- a) Altas de entidades de base.
- b) Baixas de entidades de base.
- c) Variación dos produtos obxecto de recoñecemento da EAP.
- d) Modificacións na personalidade xurídica da EAP.

Outros aspectos derivados da evolución da entidade asociativa prioritaria poderán ser comunicados no marco do previsto no artigo 6.

As solicitudes presentaranse electronicamente, a través da sede electrónica do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, cuxo enderezo é <https://sede.mapama.gob.es>.

A Dirección Xeral da Industria Alimentaria resolverá no prazo de 6 meses sobre a dita solicitude de modificación, logo do informe das comunidades autónomas afectadas pola modificación, de acordo co artigo 80 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que será posteriormente comunicada aos interesados e ás comunidades autónomas do ámbito territorial da EAP.

4. No suposto de que, á vista da información comunicada pola EAP, en virtude do previsto no presente artigo ou no artigo 6, se aprecie o incumprimento de calquera dos requisitos previstos nos artigos 2 e 3, a Dirección Xeral da Industria Alimentaria, logo de audiencia do interesado, mediante resolución motivada,

acordará a suspensión provisional do recoñecemento durante un prazo de tres meses. Transcorrido o dito prazo sen terse emendado ou achegado documentación acreditativa de que, á luz das novas circunstancias, se cumpre o previsto nos referidos artigos, cancelárase o recoñecemento, logo de instrución do procedemento administrativo, que en todo caso garantirá a audiencia do interesado e informe das comunidades autónomas afectadas, conforme o previsto no número 5.

Non obstante o anterior, para efectos do mantemento do recoñecemento como EAP, entenderase cumprido o requisito relativo ao volume de facturación cando a facturación alcanzada no último exercicio ou a facturación media de dous dos últimos tres exercicios sexa igual ou superior ao mínimo establecido.

5. A Dirección Xeral da Industria Alimentaria procederá de oficio, logo de apercebimento, á cancelación do recoñecemento como EAP daquelas entidades que incumpran as obrigacións previstas no artigo 6. O dito procedemento incluírá audiencia dos interesados e informe das comunidades autónomas afectadas polo ámbito territorial da EAP. A Dirección Xeral da Industria Alimentaria ditará e notificará resolución motivada no prazo de seis meses tras a notificación do apercebimento. Contra esta resolución poderá interporse recurso de alzada ante o secretario xeral de Agricultura e Alimentación no prazo dun mes, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.»

Sete. A disposición transitoria única substitúese pola seguinte:

«Disposición transitoria única. *Período transitorio.*

As entidades solicitantes recoñecidas que non reúnan o requisito establecido no artigo 3.2 c).1º disporán dun período transitorio máximo de cinco anos, desde a presentación da súa solicitude, para alcanzar a entrega total dos produtos obxecto de recoñecemento para a súa comercialización conxunta, ou abastecemento no caso de entidades asociativas de subministracións e servizos, co seguinte calendario:

- a) Ao finalizar o terceiro ano, ao menos o 50 por cento.
- b) No cuarto ano, o 75 por cento.
- c) No quinto ano, a totalidade.»

Oito. O anexo II substitúese polo seguinte:



## «ANEXO II

**MODELO DE SOLICITUDE DE RECOÑECEMENTO DE ENTIDADES  
ASOCIATIVAS PRIORITARIAS (EAP) E DOCUMENTACIÓN  
COMPLEMENTARIA**

**I. DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL OU PROMOTOR DA EAP**

Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome
NIF	Teléfono de contacto e correo electrónico	Cargo que desempeña na entidade que representa

**II. ENTIDADE Á CAL REPRESENTA O SOLICITANTE**

Nome ou razón social	NIF	Domicilio: rúa/praza número
Localidade	Provincia	Código postal
Teléfono	Correo electrónico	
Páxina web		
Actividade principal		
Natureza xurídica da entidade asociativa		

**III. DOMICILIO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Domicilio: rúa/praza número	Localidade	Provincia
Código postal	Teléfono	Correo electrónico

**IV. VOLUMES MÍNIMOS DE FACTURACIÓN REQUIRIDOS PARA O RECOÑECEMENTO**

- Tipo de recoñecemento solicitado e produtos para os cales se realiza.
  - por produto
  - xenérico
  - integración vertical en recoñecemento por produto
  
- Facturación certificada para a solicitude de recoñecemento:
  - facturación da entidade solicitante
  - suma das entidades de base
  
- Ano de referencia: 20\_\_.

## a) Volumes mínimos para o recoñecemento por produto:

PRODUTOS (selecciónese)		CNAE 2009 <sup>1</sup>	DESCRIPCIÓN CLASIFICACIÓN NACIONAL ACTIVIDADES ECONÓMICAS (CNAE)	VOLUME MÍNIMO DE FACTURACIÓN TOTAL DA ENTIDADE (millóns de euros) <sup>2 e</sup> 3	VOLUME DE FACTURACIÓN TOTAL DA ENTIDADE PARA ESE PRODUTO (millóns de euros)
ACEITE DE OLIVA	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 1043	Fabricación de aceite de oliva	500	
OLIVA DE MESA (elaborada)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 1089	Elaboración doutros produtos alimenticios non clasificados noutra parte	150	
		<input type="checkbox"/> 1039	Outro procesamento e conservación de froitas e hortalizas		
ALGODÓN	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 0116	Cultivo de plantas para fibras téxtiles	20	
ALIMENTACIÓN ANIMAL	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 1091	Alimentación animal	225	
		<input type="checkbox"/> 1092	Fabricación de produtos para a alimentación de animais de compañía		
ALIMENTACIÓN ANIMAL (excluídos animais de compañía)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 1091	Pensos para especies de produción	217	
FABRICACIÓN DE PRODUTOS PARA A ALIMENTACIÓN DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 1092	Pensos para animais de compañía	8	
APÍCOLA	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 0149	Outras explotacións de gando	20	
ARROZ	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 0112	Cultivo de arroz	60	
AVICULTURA DE CARNE	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 0147	Avicultura	350	
AVICULTURA DE POSTA	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 1089	Elaboración doutros produtos alimenticios non clasificados noutra parte	70	
		<input type="checkbox"/> 0147	Avicultura		
CARNE DE COELLO	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 0149	Outras explotacións de gando	35	
CULTIVOS HERBÁCEOS (excepto arroz)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 0111	Cultivo de cereais (excepto arroz), leguminosas e sementes oleaxinosas	300	
CEREAIS (excepto arroz)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 0111	Cereais (excepto arroz)	255	
LEGUMINOSAS	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 0111	Leguminosas	12	
OLEAXINOSAS	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 0111	Sementes oleaxinosas	33	
TRIGO DURO	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 0111	Trigo duro	23	
FLORES E PLANTAS DE VIVEIRO	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 0130	Propagación de plantas	25	
		<input type="checkbox"/> 0128	Cultivo de especias, plantas aromáticas, medicinais e farmacéuticas		
FORRAXES DESHIDRATADAS	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 0119	Outros cultivos non perennes	50	
CÍTRICOS	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 0123	Cultivo de cítricos	300	
FROITAS DE ÓSO	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 0124	Cultivo de froitos con óso e pebidas	125	
FROITAS DE PEBIDA	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 0124	Cultivo de froitos con óso e pebidas	80	
		<input type="checkbox"/> 0121	Cultivo da vide (mesa)		

PRODUTOS (selecciónese)		CNAE 2009 <sup>1</sup>	DESCRIPCIÓN CLASIFICACIÓN NACIONAL ACTIVIDADES ECONÓMICAS (CNAE)	VOLUME MÍNIMO DE FACTURACIÓN TOTAL DA ENTIDADE (millóns de euros) <sup>2 e</sup> 3	VOLUME DE FACTURACIÓN TOTAL DA ENTIDADE PARA ESE PRODUTO (millóns de euros)
FROITAS TROPICAIS E SUBTROPICAIS E PLÁTANOS	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 0122	Cultivo de froitos tropicais e subtropicais	100	
FROITAS E HORTALIZAS FRESCAS E TRANSFORMADAS (excepto pataca e tomate transformado)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 0123	Cultivos cítricos	500	
		<input type="checkbox"/> 0124	Cultivos de froitos con óso e pebidas		
		<input type="checkbox"/> 0121	Cultivos de vide de mesa		
		<input type="checkbox"/> 0122	Cultivos de froitos tropicais e subtropicais		
		<input type="checkbox"/> 0125	Cultivo doutras árbores e arbustos froiteiros e froitos secos		
		<input type="checkbox"/> 0113	Cultivo de hortalizas, raíces e tubérculos		
		<input type="checkbox"/> 1032	Elaboración de zumes de froitas e hortalizas		
		<input type="checkbox"/> 1039	Outro procesamento e conservación de froitas e hortalizas		
		<input type="checkbox"/> 1085	Elaboración de pratos e comidas		
<input type="checkbox"/> 1089	Elaboración doutros produtos alimenticios non clasificado noutra parte				
FROITOS SECOS	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 0125	Cultivo doutras árbores e arbustos froiteiros e froitos secos	40	
HORTALIZAS (agás pataca)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 0113	Cultivo de hortalizas (incluídos sandía e melón), raíces e tubérculos	400	
LEITE E PRODUTOS LÁCTEOS	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 1054	Preparación de leite e outros produtos lácteos	650	
		<input type="checkbox"/> 1053	Fabricación de queixos		
		<input type="checkbox"/> 0141	Explotación de gando bovino para a produción de leite		
		<input type="checkbox"/> 0143	Explotación de cabalos e outros equinos		
		<input type="checkbox"/> 0144	Explotación de camelos e outros camélidos		
		<input type="checkbox"/> 0145	Explotación de gando ovino e cabrún		
		<input type="checkbox"/> 1052	Elaboración de xeados		
MOSTOS, VIÑOS E ALCOHOIS	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 1101	Destilación, rectificación e mestura de bebidas alcohólicas	100	
		<input type="checkbox"/> 1102	Elaboración de viños		
		<input type="checkbox"/> 1104	Elaboración doutras bebidas non destiladas, procedentes da fermentación		
		<input type="checkbox"/> 1103	Elaboración de sidra e doutras bebidas fermentadas		
		<input type="checkbox"/> 1105	Fabricación de cervexa		
OVINO E CABRÚN DE CARNE	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 0145	Explotación de gando ovino e cabrún	100	

PRODUTOS (selecciónese)		CNAE 2009 <sup>1</sup>	DESCRIPCIÓN CLASIFICACIÓN NACIONAL ACTIVIDADES ECONÓMICAS (CNAE)	VOLUME MÍNIMO DE FACTURACIÓN TOTAL DA ENTIDADE (millóns de euros) <sup>2e</sup> <sub>3</sub>	VOLUME DE FACTURACIÓN TOTAL DA ENTIDADE PARA ESE PRODUTO (millóns de euros)
OVINO DE LEITE E CARNE	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 0145	Explotación de gando ovino e cabrún	75	
CABRÚN DE LEITE E CARNE	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 0145	Explotación de gando ovino e cabrún	40	
PATACA	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 0113	Cultivo de hortalizas, raíces e tubérculos	40	
PORCINO BRANCO	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 0146	Explotación de gando porcino	150	
PORCINO IBÉRICO	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 0146	Explotación de gando porcino	50	
PRODUCCIÓN FORESTAL	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 0220	Silvicultura e outras actividades forestais	20	
REMOLACHA (azucreira)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 0114	Cultivo de cana de azucre	30	
		<input type="checkbox"/> 0113	Cultivo azucreiros e azucre		
SUBMINISTRACIÓNS E SERVICIOS	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 0164	Fertilizantes, fitosanitarios, sementes e outras subministracións agrícolas e gandeiras	350	
		<input type="checkbox"/> 0162			
		<input type="checkbox"/> 0130			
		<input type="checkbox"/> 2015			
		<input type="checkbox"/> 2020			
TABACO	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 0115	Cultivo de tabaco	40	
T O M A T E TRANSFORMADO	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 1039	Outro procesamento e conservación de froitas e hortalizas	90	
		<input type="checkbox"/> 1032	Elaboración de zumes de froitas e hortalizas		
		<input type="checkbox"/> 0113	Cultivo de hortalizas, raíces e tubérculos		
		<input type="checkbox"/> 1084	Elaboración de especies, salsas e condimentos		
		<input type="checkbox"/> 1085	Elaboración de pratos e comidas preparadas		
TRANSFORMADOS HORTOFRUTÍCOLAS (EXCEPTO TOMATE)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 1032	Elaboración de zumes de froitas e hortalizas	70	
		<input type="checkbox"/> 1039	Outro procesamento e conservación de froitas e hortalizas		
		<input type="checkbox"/> 1085	Elaboración de pratos e comidas preparadas		
		<input type="checkbox"/> 1089	Elaboración doutros produtos alimenticios non clasificados noutra parte		
VACÚN DE CARNE	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 0142	Explotación doutro ganado bovino e búfalos	70	

<sup>1</sup> Incluídos en cada número os códigos CNAE en materia de transformación e comercialización correspondentes aos produtos obxecto de recoñecemento.

<sup>2</sup> Facturación total da entidade e das súas entidades participadas (importe neto cifra de negocios). Os valores de facturación reduciranse un 30% cando a entidade solicitante sexa unha sociedade cooperativa agroalimentaria de primeiro grao nos termos establecidos no artigo 2.3 e no anexo I a) do presente real decreto.

<sup>3</sup> O volume mínimo de facturación exigido reducirase un 50% para os distintos subsectores para os cales se solicita o recoñecemento por produto cando a entidade solicitante leve a cabo unha integración vertical na cadea de subministración nos termos do anexo I c).

b) Volumes mínimos para o recoñecemento xenérico:

CONXUNTO DE PRODUTOS ESPECÍFICOS (INDICANDO CNAE DE ACORDO CO CADRO ANTERIOR) OBXECTO DE RECOÑECIMENTO	VOLUME MÍNIMO FACTURACIÓN TOTAL DA ENTIDADE <sup>4</sup> (millóns de euros)	VOLUME FACTURACIÓN TOTAL DA ENTIDADE (millóns de euros)
-		
-		
-		
-	750	
-		
-		

<sup>4</sup> Facturación total da entidade e das súas entidades participadas (importe neto cifra de negocios). Os valores de facturación reduciranse un 30% cando a entidade solicitante sexa unha sociedade cooperativa agroalimentaria de primeiro grao nos termos establecidos no artigo 2.3 e no anexo I b) do presente real decreto.

#### V. DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA COA SOLICITUDE

Certificación do acordo de solicitude de recoñecemento como entidade asociativa prioritaria (EAP).

Memoria do proxecto empresarial e asociativo da EAP.

Para entidades civís e mercantís: certificación de que máis do 50 por cento do seu capital social pertence a sociedades cooperativas, a organizacións de produtores ou a sociedades agrarias de transformación.

Certificación da relación de entidades que integran a EAP, número de socios que as compoñen e indicación do territorio da comunidade autónoma onde desenvolven a súa actividade.

Certificación da relación de entidades que integran cada unha das cooperativas de 2.º grao, número de socios que as compoñen e indicación do territorio da comunidade autónoma onde desenvolven a súa actividade.

Certificación da relación detallada dos socios que compoñen cada unha das entidades que integran a EAP.

Estatutos ou disposicións reguladoras da entidade solicitante e de cada unha das entidades que integran a EAP.

Obrigacións estatutarias (entrega total, cesión de datos e control democrático) da entidade solicitante e de cada unha das entidades que integran a EAP.

Declaración da EAP e compromiso de cada unha das entidades de base que se acollen ao período transitorio establecido na disposición transitoria única do Real decreto 550/2014, do 27 de xuño.

Certificación expedida por auditor, órganos reitores ou administradores relativa ao volume de facturación dos seus socios e terceiros non socios de calquera dos tres últimos exercicios económicos pechados, previos á solicitude, en relación cos produtos para os cales se pretende obter o recoñecemento. Esta documentación debe corresponder ao mesmo exercicio (elíxase unha opción):

da entidade solicitante

das entidades de base que integran a entidade solicitante.

Memoria, balance e conta de resultados da entidade solicitante con personalidade xurídica e das súas entidades de base (no caso de que se acceda ao recoñecemento mediante a suma da facturación destas), ou das entidades promotoras que pretenden o recoñecemento, referido ao mesmo exercicio elixido anteriormente.

Outra documentación, se for o caso, indíquese:

---



---



---

## VI. SOLICITUDE

O que abaixo asina solicita o RECOÑECIMENTO a que se refire a presente instancia e declara que son certos os datos consignados nela, que reúne os requisitos exixidos, que acepta as condicións establecidas no Real decreto 550/2014, do 27 de xuño, e que se compromete a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude e a autorizar o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para recadar da Axencia Tributaria e da Tesouraría Xeral da Seguridade Social información relativa ao cumprimento das obrigacións tributarias e da Seguridade Social.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.

(Sinatura)

Director xeral da Industria Alimentaria  
P.º Infanta Isabel n.º 1  
28071 MADRID

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación mantén un compromiso de cumprimento da lexislación vixente en materia de tratamento de datos persoais e seguridade da información co obxecto de garantir que a recollida e tratamento dos datos facilitados se realiza conforme o Regulamento (UE) 2016/679 xeral de protección de datos (RXPd) e a normativa nacional vixente na materia. Por este motivo, ofrecémoslle a continuación información sobre a política de protección de datos aplicada ao tratamento dos datos de carácter persoal derivado do procedemento de recoñecemento das entidades asociativas prioritarias:

1. Responsable do tratamento: Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Dirección Xeral da Industria Alimentaria-Subdirección Xeral de Fomento Industrial e Asociativo Agroalimentario

P.º Infanta Isabel, 1. 28071 Madrid  
Teléfono: 91 3475346  
Correo: [sgfi@mapa.es](mailto:sgfi@mapa.es)  
Delegado de Protección de Datos: [bnz-delegadosPD@mapama.es](mailto:bnz-delegadosPD@mapama.es)

2. Finalidade do tratamento: os datos persoais incorporados serán utilizados exclusivamente para a tramitación do procedemento de recoñecemento como entidade asociativa prioritaria e conservaranse mentres a lexislación aplicable obrigue á súa conservación (Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español).

3. Lexitimación do tratamento: o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento da Lei 13/2013, do 2 de agosto, de fomento da integración de cooperativas e doutras entidades asociativas de carácter agroalimentario.

4. Destinatarios dos datos: non están previstas cesións de datos nin transferencias internacionais de datos.

5. Dereitos sobre o tratamento de datos: conforme o previsto no RXPd e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, poderá solicitar ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través da súa sede electrónica (<https://sede.mapama.gob.es/portal/site/se>), o acceso, rectificación e supresión dos seus datos persoais, a limitación e oposición ao tratamento dos seus datos e a non ser obxecto de decisións automatizadas. Así mesmo, se considera vulnerados os seus dereitos, poderá

presentar unha reclamación de tutela ante a Axencia Española de Protección de Datos: <https://sedeagpd.gob.es/sede-electronica-web/vistas/formReclamacionDerechos/reclamacionDerechos.jsf>

Disposición transitoria primeira. *Solicitudes de recoñecemento presentadas con anterioridade ao momento da entrada en vigor deste real decreto.*

As solicitudes presentadas con anterioridade ao momento da entrada en vigor do presente real decreto e sobre as cales non se ditase resolución tramitaranse de acordo cos novos requisitos aplicables, sen necesidade de presentar unha nova solicitude.

Disposición transitoria segunda. *Adaptación das EAP recoñecidas de acordo coa normativa anterior.*

As EAP recoñecidas previamente ao momento de entrada en vigor do presente real decreto terán de prazo até a primeira comunicación prevista no artigo 6 para a oportuna adaptación aos novos requisitos establecidos por este real decreto nos artigos 2 e 3, do Real decreto 550/2014, do 27 de xuño. Para efectos da súa acreditación, deberán presentar ante a Dirección Xeral da Industria Alimentaria a documentación exixida no presente real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de marzo de 2019.

FELIPE R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación  
LUIS PLANAS PUCHADES